

## *O letargo da lavanda*

Laura Camino Plaza

i.

Á beira das autoestradas fun deixando caer  
as sementes dos soños albuxíneos  
das utopías nas que recrearse cando a carga é grande  
por ver se da liberación  
nacían lavandas  
e pensaba na concentración  
das herbas na cunca de té da miña avoa

a miña avoa

e parecíame escoitar de fondo o mar das cidades de interior  
é dicir  
as nubes a piques de romper a chover  
como sinal propicio para a floración.

O tempo da sementeira semella un lenzo  
por encher de cores, sabores e cheiros ancestrais.

ii.

Hai anos, cando aínda era inocente  
(tanto literal coma figuradamente)  
xogaba a mergullar as dedas na auga  
e imaxinaba que se as tiña o tempo suficiente  
acabaríanme por saír branquias  
e podería quedar a durmir no mar.

Hai menos anos, cando xa sabía da culpa

e tamén do prezo da confianza,  
pedíronme que falase do meu fogar  
e só me saía cavilar en espuma e cunchas rosáceas.

A violencia das ondas espárexéndose sobre as rocas  
ten algo de loita primixenia, de paz universal.

iii.

As dedas da perna dereita do meu avó  
dormen nun nicho mentres o resto  
do corpo descansa no leito dun hospital.

Fixéronlle un corte limpo  
como os que fai miña avoa nas patacas  
que vai apañar coa señora Carme

o meu avó

que sempre foi o máis telúrico da familia  
gusta de falar dos ciclos das plantas e das árbores  
especialmente do letargo frío da lavanda  
alí onde a terra rompe lene e a xeadada  
cobre fina o nacemento da montaña

superpoño eu historias mitolóxicas de faros atlánticos  
que recenden a salitre e teñen o tacto quente da area

o meu avó mais eu  
o té da miña avoa ao lume  
o aire morno da cocíña

é unha escena de loita primixenia, de paz universal,  
un lenzo rebordante de matices ancestrais

e brindo.